



## **BASES DE FUNCIONAMENTO DOS POSTOS DE VENDA OU CASETAS POLAS ASOCIACIÓNS CULTURAI E VECIÑAIS SEN ANIMO DE LUCRO, ANPAS E ASOCIACIÓNS PROTECTORAS DE ANIMAI.**

A concellería de Comercio do Concello do Porriño convoca a Festa Fashion Weekend para os días 19, 20 e 21 de abril. Dita festividade distribuirase en tres acontecementos que arrancará coa Shopping Night, continuará coa Fashión Night e concluirá cunha Fashion Market. A finalidade destas bases é establecer os requisitos, pautas e condicionantes que se deberá cumprir para poder participar durante a celebración deste último acontecemento, e dicir, da **Fashion Market**.

### **PRIMEIRO.- INSTALACIÓNS**

A Fashion market desenvolverase o día 21 de abril do 2024. Os postos de venda e “Atraccións” poderán estar abertos ao público de 10:00 a 00:00 horas. Non se permitirá a apertura de ningún posto na rúa do horario establecido.

Os postos estenderanse naquelas localizacións asignadas polo concello do Porriño.

Non se permitirá o asentamento de ningún posto nin a venda ambulante de ningún produto fóra do recinto establecido pola organización.

O concello poderá cambiar as datas, modificar os horarios de apertura ou mesmo anular a celebración da festividade en caso de forza maior, sen que os participantes poidan presentar reclamación.

### **SEGUNDO.- PARTICIPANTES**

Poderán optar aos postos de venda ou casetas:

1. ANPAS dos centros educativos do Porriño.
2. Asociacións veciñais e culturais do Porriño.
3. Asociacións de protectoras de animais.
4. Asociacións deportivas do Porriño
5. Comisións de festas do concello do Porriño

### **TERCEIRO.- POSTOS DE VENDA**

Establécense dous tipos de postos:

1. Postos de venda de produtos varios.
2. Postos de degustación e venda de comidas. Neste caso son aqueles postos de venda de comidas e bebidas.

En ambos casos se deberá indicar o tipo de produtos que se van a vender ou ofrecer para poder indicar o lugar máis axeitado dentro das localizacións asignadas polo Concello.





Os postos de comida que dispoñan de cociñas, bombonas, asadores, grellas, brasas ou sustancias inflamables deberán estar protexidos, xa que poden supoñer un perigo para as persoas. Ademais, para o seu cociñado deberán empregar utensilios eléctricos (exemplo: prancha, forno, etc.). Será obrigatorio que eses postos conteñan cun extintor homologado e en bo funcionamento de po seco de 6 K. Deberá contar cun xerador de enerxía propio co fin de poder desenvolver a súa actividade. A organización non se fai responsable dos danos ocasionados por este tipo de instalacións.

Todos os postos de degustación de comida e bebida deberán cumprir as normas básicas de seguridade e hixiene.

Todas aquelas persoas que manipulen alimentos ou bebidas estarán en posesión do carné de manipulador o manipuladora de alimentos.

#### **CUARTO.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

A solicitude de inscrición (**Anexo I**) poderá descargarse na páxina web do concello (<https://oporriño.org/>) ou no Rexistro no Concello do Porriño dende o día da publicación destas bases ata o 17 de abril .

A documentación que deberá axuntar xunto coa solicitude é a seguinte:

1. Copia do DNI/NIE do interesado. No caso de actuar en calidade de representante deberá presentar el documento que acredite a representación que ostenta.
2. Copia do carné de manipulador de alimento (se fose o caso).

Toda a documentación requirida será entregada no Rexistro Xeral do Concello do Porriño ou a través da sede electrónica deste concello dende o 10 ata o 17 de abril. Entenderase que está presentada cando vaia completa a documentación e non sexa necesario realizar ningún requirimento. As solicitudes realizadas a partires desta data non serán autorizadas.

O concello do Porriño poñerá a disposición 20 carpas para empregar na xornada de venta. Por elo, unha vez cumprimentada a solicitude facilitada e presentada a documentación requirida, procederase a asignación da localización do posto e se poñerá a súa disposición unha carpa. Dita responsabilidade quedará a cargo do concello do Porriño.

As carpas serán asignadas unha por solicitude e por orde de rexistro ata acadar as 10 carpas que se poñen a disposición dos solicitantes.

Queda totalmente prohibido o aluguer ou cesión a terceiros dos postos/espazos asignados.

#### **QUINTO.- MONTAXE DE VENDA**

O horario de montaxe será entre ás 8:00 e as 10:00 horas.

Todos os postos deberán estar localizados e preparados a hora de comezo festividade. Non se poderán ampliar os postos con mesas adicionais ou plataformas, todos, etc. Salvo que sexan autorizados polo concello.





Durante o desenvolvemento da festa quedará prohibida a entrada e saída de vehículos non autorizados, así como a colocación de obstáculos dentro da zona de celebración de ditos eventos.

A autorización debe estar exposta en sito visible durante todo o tempo de ocupación.

Os servizos técnicos do concello poderán comprobar que as ocupacións efectivamente realizadas polos concesionarios das autorizacións, de ningún xeito excedan os límites destas, tanto no que se refire á superficie como ao tempo de ocupación.

Os aparellos da feira poderán ser obxecto de inspección polo persoal que designe o Concello, en calquera momento e durante toda a vixencia da autorización para postos.

#### **SEXTO.- MERCADORIAS**

Respecto as mercadorías quedarán totalmente prohibido:

- A exposición e presenza de animais vivos.
- A utilización de utensilios de cristal.

#### **SETIMO.- DESMONTAXE**

Unha vez rematada a festividade, na noite do domingo 21 ao luns 22 de abril todos os postos de venda deberán estar desmontadas e o seu recinto limpo.

A organización, así como a Policía local e Protección civil do Porriño velará polo estrito e rigoroso cumprimento das presentes bases.

**Documento asinado dixitalmente na data que se indica ao marxe**





## ANEXO I.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

### DATOS DO SOLICITANTE (encher en maiúsculas)

---

NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL: \_\_\_\_\_

NIF/CIF/NIE: \_\_\_\_\_

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN: \_\_\_\_\_

---

TELÉFONO MOVIL: \_\_\_\_\_

CORREO ELECTRÓNICO: \_\_\_\_\_

### DATOS DO REPRESENTANTE

---

NOME DO REPRESENTANTE: \_\_\_\_\_

NIF/CIF/NIE E TÍTULO DE REPRESENTACIÓN : \_\_\_\_\_

SOLICITO A INICIACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DUNHA CASETA DURANTE A CELEBRACIÓN DA FESTA FASHION MARKET QUE SE LEVARÁ A CABO O PRÓXIMO 21 DE ABRIL.

### DATOS DO POSTO

---

TIPO DO POSTO: \_\_\_\_\_

M<sup>2</sup> DE SUPERFICIE A OCUPAR: \_\_\_\_\_

TIPO DE MERCADORIAS A VENDER: \_\_\_\_\_

O Porriño, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2024

Sinatura do solicitante

No cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter Persoal, infórmase que os datos entregados son confidenciais, non podendo facer uso dos mesmos fóra do ámbito que xerou a súa entrega (BOE N° 298 de 14-12-1999).

